

Funcións internas:

1. Tradución de textos e de documentos; corrección documental, deseño de documentación formal, resolución de dúbidas lingüísticas.
2. Asesorar á Administración en todo o relacionado coa promoción da lingua galega.
3. Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.
4. Promoción e difusión do Regulamento de normalización lingüística do Concello de Pontearreas.
5. Asesoramento obre os usos e perfís lingüísticos da entidade local.
6. Información sobre o status legal da lingua, sobre a toponimia oficial, sobre os dereitos lingüísticos.
7. Difusión, sensibilización e información das ferramentas lingüísticas existentes tanto ao persoal municipal como á cidadanía en xeral.

• Funcións de dinamización lingüística:

Lévanse a cabo accións a prol da lingua galega en varios ámbitos de influencia da entidade, tanto no ámbito xeral da sociedade, como no eido comercial e o sector do ensino e no ámbito infantil e xuvenil, ámbito este fortemente desgaleguizado.

1. Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.
2. Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego en distintos ámbitos locais.
3. Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien a sociedade respecto ao uso da lingua galega.

• Funcións de formación :

1. Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos.
2. Promoción, información e asesoramento sobre cursos de capacitación lingüística para o persoal municipal ofertados polas distintas administracións.
3. Promoción, información, difusión e asesoramento sobre os cursos formativos para a obtención dos Celga, así como a prestación de colaboración para a súa realización no Concello de Pontearreas.
4. Información, difusión e asesoramento sobre as datas e lugares de realización das probas, así como a oferta de impresos e solicitudes e axuda necesaria para cubrilas que se lle oferta á cidadanía, non só do concello de Pontearreas, senón tamén das Neves, A Cañiza, Covelo, Arbo, Mondariz e Mondariz Balneario, etc.

5. Colaborar no deseño de programas de formación para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas no ámbito local.

- **Funcións de asesoramento lingüístico interno:**

1. Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Administración.
2. Definir e propoñer criterios lingüísticos para a organización.
3. Resolver dúbidas lingüísticas.

- **Funcións de asesoramento externo**

1. Sobre dúbidas
2. Sobre formación
3. Sobre recursos

- **Funcións de coordinación:**

1. Apoiar a difusión das accións dinamizadoras desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.